

Unha sociedade de clases

Como consecuencia dos cambios políticos e económicos, a sociedade estamental foi substituída durante o século XIX pola **sociedade de clases**.

Nesta nova organización social, as persoas pertencían a unha ou a outra clase en función da súa riqueza, e non do seu nacemento, como ocorría na sociedade estamental.

Na nova sociedade de clases destacaron a **burguesía** e a clase **obreira ou proletariado**.

- A **burguesía** estaba integrada por persoas adineradas que eran propietarias das fábricas, das minas, das máquinas e das materias primas. Por conseguinte, a burguesía controlaba o comercio e a industria, así como os bancos.
- A **clase obreira, ou proletariado**, estaba constituída polas persoas que ofrecían o seu traballo a cambio dun salario ou xornal (obreiros das fábricas e das minas, traballadores do campo...). Este salario era moi baixo. As mulleres e os nenos traballaban con salarios que eran inferiores aos dos homes.



O nacemento do movemento obreiro

Os obreiros tomaron conciencia, pouco a pouco, de que era conveniente unirse para facer fronte ás difíciles condicións de vida e de traballo. Para iso, crearon **cooperativas**, nas que compraban alimentos máis baratos, así como **sindicatos**, para loitar polas melloras no traballo.

Os sindicatos vinculáronse á Asociación Internacional de Traballadores (AIT), que contribuíu a difundir os ideais anarquistas e marxistas no movemento obreiro español.

- O **anarquismo** rexeitaba o Estado e era partidario da revolución social mediante a loita sindical e os actos violentos.
- O **marxismo** defendeu a participación política dos obreiros mediante organizacións como o Partido Socialista Obrero Español (PSOE), fundado por Pablo Iglesias en 1879.

Pablo Iglesias.



14. Cales eran as clases sociais máis destacadas da España do século XIX? Describe as características das persoas que formaban parte destas dúas clases sociais.
15. Sinala as causas do xurdimento do movemento obreiro. Explica que semellanzas e que diferenzas tiñan entre si as dúas principais tendencias do movemento obreiro.
16. Investiga en Internet sobre a biografía de Pablo Iglesias, fundador do PSOE, e escribe unha reseña dos principais momentos da súa vida.